

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA A A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA -OFICIAL 1ª ALBANEL-

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN DE OFICIAL 1ª ALBANEL -PEL 2017-

Na sala de reunións do centro Sociocultural do auditorio do Concello de Rianxo, ás 09:00 h do día 22/06/2017, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación temporal dun/dunha OFICIAL 1ª ALBANEL (PEL) segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 398/2017 do día 10/05/2017 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 564/2017 do 20/06/2017, coa seguinte composición:

Presidente: Gabriel Bermúdez Piñeiro, capataz municipal (V)

Vocal: Ma Aurora Rodríguez Rey, AEDL auxiliar municipal (II)

Vocal: Laura Romero Comojo, administrativa municipal (III)

Secretaria: Vicenta Avelina Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

Asesora proba de galego: Eva Ma García Rey, Normalizadora lingüística do Concello de Rianxo (I)

O Presidente declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 11 de maio de 2017 publícase nos dous diarios de maior difusión da Comarca a convocatoria de contratación de persoal.

Segundo: o prazo para a presentación de candidaturas foi de cinco días hábiles tal e como establecen as bases e rematou o día 19/05/2017.

Terceiro: o tribunal da conta do establecido nas bases ao respecto da fase de oposición:

1.-A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

2.-A proba consistirá na realización dun exame de 20 preguntas tipo test a realizar nun tempo máximo dunha hora, de coñecementos sobre o contido do programa que se xunta como Anexo das bases. Ao non establecer nada nas bases ao respecto e, na orde de garantir a boa marcha do proceso, adóptanse por unanimidade os seguintes criterios:

- 1) A proba consiste na realización de 20 preguntas de tipo test
- 2) O tempo máximo para a realización da proba é de 1 hora
- 3) Cada pregunta ten 3 respostas, das cales só unha é válida e as outras 2 non
- 3) As preguntas non respondidas non restan puntuación
- 4) Por cada tres respostas erradas restarase unha resposta correcta
- 5) As respostas marcaranse cun símbolo X no cadro impreso no papel autocopiante
- 6) As respostas débense marcar con bolígrafo
- 7) A persoa aspirante pode levar o papel calcado coas respostas contestadas
- 8) Para superar a proba será necesario obter como mínimo a metade (6 puntos) da puntuación máxima posible da proba (12 puntos)
- 9) As preguntas R1 a R3 son de reserva
- 10) IMPORTANTE: ASINAR O PAPEL AUTOCOPIANTE**

Todos este criterios entregaranse por escrito ás persoas aspirantes ao comezo do exercicio a xeito de instrucións de desenvolvemento das probas. Recordarase ademais, que a fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Cuarto: O día 20/06/2017 esta Alcaldía aprobou mediante a Resolución núm. 564/2017 as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas correspondentes ao proceso de selección e convocáronse para que acudiran o día 22 de xuño ás 9:30 horas, ao Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo, para realizar a proba escrita contemplada no proceso de selección.

Quinto: Ás 09:32 h, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar a dita proba. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver a proba escrita.

As persoas presentes cumpren cando menos cun dos requisitos esixidos pola orde subvencionadora da Deputación.

Ás 09:40 horas iníciase a proba escrita exame que remata ás 10:03 horas.

De seguido o Tribunal fai a valoración do exame obtendo o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	Supera a proba	Ten que facer a proba de galego
Bello Carou, Ramón	SI	SI
Eitor Grela, Avelino	SI	SI
González Vicente, Julio	SI	SI
Miguéns Rial, Cesáreo	SI	SI
Mirón Iglesias, José Manuel	SI	SI
Romero Gómez, Baltasar	SI	SI

Ao remate se lle comunica as persoas aspirantes que superaron a proba escrita e que deben presentarse ás 13:00 horas para a realización da proba de galego falado incluída no punto 5.3 das bases de selección ao non estar exenta da dita proba porque non presentou a documentación xustificativa do coñecemento de galego esixido.

Ao tratarse dunha proba oral, este exercicio grávase co consentimento do aspirante. Remátase esta proba ás 13:00 h co seguinte resultado segundo o informado por Eva M^a García Rey Normalizadora lingüística do Concello de Rianxo:

APELIDOS E NOME	GALEGO
Bello Carou, Ramón	APTO
Eitor Grela, Avelino	APTO
González Vicente, Julio	APTO
Miguéns Rial, Cesáreo	APTO
Mirón Iglesias, José Manuel	APTO
Romero Gómez, Baltasar	APTO

O tribunal reúne novamente ás 13:05 horas do mesmo día para facer a valoración do proceso e da documentación presentada pola persoa aspirante para a fase de concurso.

Unha vez rematadas estas valoracións as persoas aspirantes que se presentaron para o posto de OFICIAIS 1ª ALBANEL e superaron a fase de oposición, obteñen a seguinte puntuación final:

APELIDOS E NOME	DNI	OPOSICIÓN	CONCURSO	TOTAIS
Mirón Iglesias, José Manuel	33.260.242-B	11,4	3,00	14,40
Eitor Grela, Avelino	35.428.316-J	10,8	3,50	14,30
Bello Carou, Ramón	35.443.659-S	10,8	3,00	13,80
González Vicente, Julio	76.967.219-L	10,2	3,50	13,70
Romero Gómez, Baltasar	76.512.382-F	11,4	2,00	13,40
Miguéns Rial, Cesáreo	78.784.252-Y	9,6	2,50	12,10

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal **propón á** persoa que se indica de seguido para cubrir, temporalmente, a praza de OFICIAL 1ª ALBANEL para o Concello de Rianxo:

APELIDOS E NOME
Mirón Iglesias, José Manuel

Tendo en conta o establecido no punto 3.1 das bases que rexen o citado proceso selectivo este aspirante, con carácter previo á contratación, terá que acreditar estar en situación de desemprego para acceder ao posto de traballo, requisito esixido tamén na orden da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:15 horas do 22/06/2016, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscribida polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na Sede electrónica municipal.